

**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.^a,
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 04.05.2017 Hora: 10:30

A Comisión 4.^a, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 4 de maio de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 3296 (10/POC-000546)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 5 máis
Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación
Universitaria para o afondamento no traballo desenvolvido polas
bibliotecas escolares a prol da formación do alumnado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 54, do 27.01.2017
- 1.2 5338 (10/POC-000924)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as obras realizadas polo Concello de Dodro nun camiño e a súa
afección ao achado arqueolóxico do castro de Imo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017
- 1.3 5392 (10/POC-000935)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación
Universitaria respecto da restitución da praza de docente suprimida no
Centro Rural Agrupado Antía Cal de Muras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017
- 1.4 6873 (10/POC-001188)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre o investimento previsto polo Goberno galego para a mellora
enerxética do CPI Virxe do Monte, en Cospeito, e do CEIP Lagostelle, de
Guitiriz
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 93, do 30.03.2017

Punto 2. Propositions non de lei en Comisión

- 2.1 5843 (10/PNC-000569)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 2 máis
Sobre o arranxo pola Xunta de Galicia das deficiencias existentes no Colexio de Educación Infantil e Primaria de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, así como a dotación do orzamento necesario e a fixación do calendario para a substitución dos teitos de amianto do centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017
- 2.2 6379 (10/PNC-000644)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa restauración, rehabilitación e posta en valor do parque do Pasatempo, de Betanzos, así como a tramitación do expediente para a súa declaración como ben de interese cultural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017
- 2.3 7042 (10/PNC-000718)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 8 máis
Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia de material didáctico vinculado á cultura galega e, de xeito especial, ao Camiño de Santiago, co fin de que sexa útil na aprendizaxe do galego fóra da comunidade autónoma
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017
- 2.4 7152 (10/PNC-000737)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre o mantemento pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da escola unitaria A Revoltiña de Soandres, no concello da Laracha, poñendo en valor a súa posible viabilidade futura
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2017

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4.^a, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 04.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 04.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 3296(10/POC-000546)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 5 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o afondamento no traballo desenvolvido polas bibliotecas escolares a prol da formación do alumnado

Publicación da iniciativa, 54, 27.01.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2017 13:19
Nº Rexistro: 3296
Data envío: 13/01/2017 13:19:30.160

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, Moisés Blanco Paradelo, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, Carlos E. López Crespo e Carlos Gómez Salgado, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Dende a perspectiva educativa, a biblioteca escolar está chamada a ser un elemento estratéxico para a innovación pedagóxica, xa que axuda a revitalizar as prácticas educativas e a vida cultural dos centros.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ten apostado polo reforzo e mellora das bibliotecas escolares, e proba disto son o Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares, PLAMBE, e o Plan LÍA de bibliotecas escolares para a Lectura, a Información, e a Aprendizaxe, dous plans que permitiron transformar ás bibliotecas escolares en espazos nos que o alumnado pode desenvolver un uso autónomo de fontes de todo tipo para a realización de traballos académicos, os docentes poden poñer en práctica metodoloxías activas para o ensino e a totalidade da comunidade educativa pode achegarse aos recursos culturais que se atopan na biblioteca.

Segundo as cifras do curso 2015/2016, no 94% dos centros PLAMBE, o alumnado fai uso cotián da biblioteca para potenciar a súa aprendizaxe. Ademais, no 93% están integradas as TICs nas diferentes actividades, no 86% dedícase un tempo específico para a lectura en horario lectivo (denominado 'hora de ler') e no 80% promóvense proxectos de innovación educativa.

A maiores, estes espazos fomentan a implicación das familias. De feito, o 47% das bibliotecas con PLAMBE organizan actividades destinadas especificamente ás familias do alumnado, mentres no 58%, os familiares colaboran directamente en iniciativas da propia biblioteca.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como ten previsto a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria afondar no importante traballo que desenvolven as bibliotecas escolares a prol da formación do alumnado galego?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2017 13:19
Nº Rexistro: 3296
Data envío: 13/01/2017 13:19:30.160

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 13/01/2017 13:16:30

Moisés Blanco Paradelo na data 13/01/2017 13:16:37

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2017 13:16:45

Martín Fernández Prado na data 13/01/2017 13:16:57

Carlos Enrique López Crespo na data 13/01/2017 13:17:04

Carlos Gómez Salgado na data 13/01/2017 13:17:11

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 04.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 5338(10/POC-000924)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as obras realizadas polo Concello de Dodro nun camiño e a súa afección ao achado arqueolóxico do castro de Imo

Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2017 12:29
Nº Rexistro: 5338
Data envío: 17/02/2017 12:29:36.487



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral na Comisión 4.^a**, sobre as actuacións realizadas no Castro de Imo en Dodro.

Hai xa dous anos que un veciño de Dodro remitiu ao Servizo de Vixilancia e Inspección da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta unha denuncia por una obra realizada polo Concello nun camiño que afecta ó xacemento arqueolóxico do Castro de Imo, catalogado no Plan Xeral de Ordenación Municipal con protección de grado dous, integral en todo o seu perímetro. Sen embargo, dous anos despois, dito servizo aínda non contestou.

Os feitos denunciados fan referencia a un plan de cooperación provincial denominado acceso a Revixós e outros, que incluía a mellora da capa de rodadura do camiño de Castro á aldea de Teaio, pero que non contaba co permiso para o movemento de terras e colocación de tubos de formigón como se fixo.

Do mesmo xeito, e ante a preceptiva denuncia ante a Valedora do Pobo, “a Consellería persiste na súa actitude de non enviar a información requirida” a pesar de ser demandada en tres ocasións.

Todo parece indicar que nos atopamos ante unha infracción moi grave, así considerada no artigo 131.d da lei de patrimonio: “A destrución de bens do patrimonio arqueolóxico cando medie o incumprimento da orde de suspensión de obras ou se produza con incumprimento das cautelas sinaladas pola Administración” posto que estas obras se realizaron malia a advertencia expresa de que as actuacións non incluírían a ampliación e só se limitarían á súa limpeza e mantemento.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2017 12:29
Nº Rexistro: 5338
Data envío: 17/02/2017 12:29:36.487



- 1.ª) Que valoración se fai dende Patrimonio da actuación do Concello levada a cabo malia a existencia dun informe desfavorable?
- 2.ª) Van tomar algunha medida contra esta actuación?
- 3.ª) Cales son os motivos de non enviar a información requirida sobre o asunto á Valedora do Pobo?
- 3.ª) Por que o expediente aberto contra o Concello na delegación de Coruña da Consellería de Cultura, onde se di que persoal especialista en arqueoloxía visitou o lugar dos feitos e remitiu un informe de que **“as obras incumpren as condicións nas que se outorgou a autorización administrativa”** está paralizado?
- 4.ª) Cando pensan resolver o citado expediente?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 17/02/2017 12:21:59



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/02/2017 12:22:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2017 12:29
Nº Rexistro: 5338
Data envío: 17/02/2017 12:29:36.487

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 04.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 5392(10/POC-000935)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da restitución da praza de docente suprimida no Centro Rural Agrupado Antía Cal de Muras

Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2017 12:26
Nº Rexistro: 5392
Data envío: 20/02/2017 12:26:59.530

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

No presente curso 2016-2017 a Consellaría de Educación suprimiu unha praza docente no CRA Antía Cal de Muras, un centro de ensino que conta con 10 estudantes e unha única profesora para todos os cursos de Educación Infantil e Primaria xunto con outra docente que imparte dúas horas semanais de Inglés.

Esta supresión levouse a cabo mesmo tendo en conta que o centro conta neste curso con dous estudantes máis que no anterior e unha crianza con necesidades especiais.

A ANPA solicitou á Consellaría a través da Xefatura territorial que se incorporase máis unha persoa docente para garantir unha atención acaída. Así as cousas e malia que todo foron boas palabras inicialmente, non se lles proporcionará, cando menos neste curso académico. De feito, nin sequera foi avaliada por persoal da Xunta a crianza que precisaría dunha atención específica co obxectivo de determinar se necesitaría dunha profesora ou profesor que cubrise as súas necesidades malia que a familia aportou unha valoración sanitaria ao respecto.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2017 12:26
Nº Rexistro: 5392
Data envío: 20/02/2017 12:26:59.530

1. Vai restituír a Consellaría de Educación a praza docente destruída en Muras no curso 2016-2017 como reclaman a ANPA e o Concello?
2. Cre que unha unha única praza docente é suficiente para garantir a calidade do ensino?
3. Cre que a perda de persoal docente nos centros de ensino do rural contribúe a fixar poboación nestas localidades?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/02/2017 12:26:11

Noa Presas Bergantiños na data 20/02/2017 12:26:17



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 20/02/2017 12:26

Nº Rexistro: 5392

Data envío: 20/02/2017 12:26:59.530

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/02/2017 12:26:20

María Montserrat Prado Cores na data 20/02/2017 12:26:26

Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2017 12:26:28

Ana Pontón Mondelo na data 20/02/2017 12:26:31

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 04.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 6873(10/POC-001188)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o investimento previsto polo Goberno galego para a mellora enerxética do CPI Virxe do Monte, en Cospeito, e do CEIP Lagostelle, de Guitiriz

Publicación da iniciativa, 93, 30.03.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e José Antonio Quiroga Díaz, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Na páxina web da Xunta de Galicia atopamos as seguintes notas de prensa en dous días consecutivos:

Primeira nota

Cospeito, 14 de marzo de 2017

Educación investirá preto de 467.000 euros na mellora enerxética do CPI Virxe do Monte, en Cospeito

O delegado territorial, José Manuel Balseiro, anunciou que a Xunta está redactando o proxecto técnico coa previsión de comezar as obras este verán.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vai acometer este ano as obras de mellora enerxética no Centro Público Integrado (CPI) Virxe do Monte de Cospeito, por un importe estimado de preto de 467.000 euros cofinanciados con fondos Feder.

O delegado territorial da Xunta, José Manuel Balseiro, visitou hoxe o colexio, onde deu a coñecer esta medida, que supón unha reforma ambiciosa que reportará maior confortabilidade aos usuarios e un aforro considerable nos custes de mantemento.

 Grupo Parlamentario

Segunda nota

Guitiriz, 15 de marzo de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Educación investirá 467.000 euros na mellora enerxética do CEIP Lagostelle de Guitiriz

O delegado territorial, José Manuel Balseiro, anunciou que a Xunta está redactando o proxecto técnico coa previsión de comezar as obras este verán.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vai acometer este ano as obras de mellora enerxética no Centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) Plurilingüe Lagostelle de Guitiriz, por un importe estimado de preto de 467.000 euros cofinanciados con fondos FEDER.

O delegado territorial da Xunta, José Manuel Balseiro, visitou hoxe o colexio, onde deu a coñecer esta medida, que supón unha reforma ambiciosa que reportará maior confortabilidade aos usuarios e unha redución considerable dos custes de mantemento.

Resulta extraordinariamente rechamante o feito de que se anuncien en dous días consecutivos obras en centros da Terra Chá de idéntico importe, o que pode considerarse un feito digno de ser resaltado nos anais da orzamentación administrativa.

Aínda así, e con efectos meramente aclaratorios, a este grupo parlamentario interésalle aclarar se se trata da mesma obra, se o importe se refire ás dúas obras ou calquera outra combinación de posibilidades, por iso os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Os 467.000 € anunciados polo delegado da Xunta de Galicia en Lugo son para cada unha das obras, ou son para ambas conxuntamente?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6873
Data envío: 21/03/2017 19:47:05.939



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 21/03/2017 19:45:35

Maria de la Concepción Burgo López na data 21/03/2017 19:45:45

José Antonio Quiroga Díaz na data 21/03/2017 19:45:57

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 04.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 04.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 5843(10/PNC-000569)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre o arranxo pola Xunta de Galicia das deficiencias existentes no Colexio de Educación Infantil e Primaria de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, así como a dotación do orzamento necesario e a fixación do calendario para a substitución dos teitos de amianto do centro

Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea por iniciativa do seu voceiro **Luis Villares Naveira** e das súas deputadas **Luca Chao Pérez** e **Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª**.

Exposición de motivos

Logo de manter unha xuntanza coa ANPA do CEIP Vilaxoan en Vilagarcía de Arousa, este grupo puido comprobar as numerosas deficiencias que presenta o centro, froito da inacción do goberno no mesmo desde o ano da súa inauguración en 1979.

O elevado número de deficiencias afectan non só ao benestar ou á calidade do ensino que reciben os nenos e nenas senón, que ademais, poden supoñer un importante risco para a súa saúde.

O conxunto da comunidade escolar do centro vén demandando unha serie de arranxos que non se poden demorar. Os primeiros teñen a ver coa necesaria climatización do centro, dende a reposición de ventás e falsos teitos á inaprazable instalación dunha nova caldeira, pois, en inverno, o centro apenas é capaz de chegar aos 14 graos de temperatura media nas aulas.

É imprescindible o cambio da caldeira, dado que o depósito, soterrado ao carón da cociña, ten filtracións e unha situación que imposibilita a utilización do 20% do combustible mercado para o fin. O seu soterramento, de feito, supón unha



irregularidade que provoca, por exemplo, que as cocinas do centro (actualmente fóra de uso) sufran de malos cheiros e contaminación procedente do mesmo.

Outras das cuestións que parecen inaprazables é a substitución dos teitos de amianto que aínda ten o edificio; substitución que deberá facerse con todas as garantías sanitarias e, dende logo, fóra do calendario escolar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a:

- Que de forma inmediata proceda ao arranxo das deficiencias que ten o CEIP Vilaxoan, dende a substitución dos falsos teitos e ventás á instalación dunha nova caldeira e depósito de combustible.
- Que estableza un orzamento e calendario que permita a substitución dos teitos de amianto do centro.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda

Voceiro do GP de En Marea

Deputadas do GP de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 10:50
Nº Rexistro: 5843
Data envío: 01/03/2017 10:50:41.653

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 01/03/2017 10:47:05

Luca Chao Pérez na data 01/03/2017 10:47:12

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/03/2017 10:47:19

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 04.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 6379(10/PNC-000644)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa restauración, rehabilitación e posta en valor do parque do Pasatempo, de Betanzos, así como a tramitación do expediente para a súa declaración como ben de interese cultural

Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6379
Data envío: 08/03/2017 18:46:10.060



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López, e dos seus deputados Juan Manuel Díaz Villoslada e Luis Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O Parque do Pasatempo de Betanzos é un dos monumentos mais singulares de Galicia e mesmo de España.

Pensado e realizado como un parque enciclopédico público polo benfeitor emigrado na Arxentina Juan Garcia Naveira, coa colaboración do seu irmán, foi iniciado en 1893 e rematado en 1914.

Neste senso, o parque ten tamén o valor dese patrimonio inmaterial do comportamento e psicoloxía dun grupo social tan importante para Galicia como foi os dos Indianos, que sempre tiveron como intención fundamental destinar parte da súa fortuna a mellorar as condicións da cidadanía do seu lugar de orixe. Así, os irmáns Garcia Naveira fixeron en Betanzos escolas, un asilo, un lavadoiro público, unha casa do pobo... todas elas infraestruturas usuais nos indianos, pero ademais eles engadiron un elemento nada usual, plenamente orixinal e que indica claramente as ansías de coñecemento destes irmáns e sobre todo, de comunicar este coñecemento, como é o parque do Pasatempo.

Efectivamente, co parque do Pasatempo, os irmáns Naveira querían ensinar aos nenos e nenas como era o mundo que eles coñeceron nas súas múltiples viaxes. Nese senso é un parque didáctico, precursor dos parques temáticos, onde existen elementos de Exipto, a muralla chinesa, o canal de Panamá, estatuas romanas, esculturas de famosos escritores..., e tamén inventos da tecnoloxía do momento porque alí está un dirixible, moito antes de que en Galicia voase ningún. Todo para reflectir lugares e feitos do mundo e da cultura universal, como afirma Alfredo Eiras.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

E ademais era un lugar de esparcemento con mais de 9 hectáreas, labirintos vexetais, estanques, reloxos con distintos usos horarios, grutas subterráneas... incluso tivo un parque zoolóxico. Os irmán Naveira parece que tiñan claro que o mellor é unir ensinanza e lecer.

Foi unha iniciativa novidosa e única no seu xénero, que figuraba en todas las guías de viaxe do seu tempo.

O parque foi abandonado despois da morte de Juan Garcia Naveira comezando unha continua, imparabile e trágica decadencia que hoxe continua con un avanzado estado de deterioro que, por exemplo, levou a caída dun mural fai poucas datas, provocado polos temporais dos últimos meses.

O seu pésimo estado ocasionou que se levaran unha vez mais, voces pedindo unha solución para rehabilitar este espazo único e evitar o seu deterioro e, posiblemente, desaparición.

Ante esta situación, e a imposibilidade certa de que o Concello de Betanzos, propietario do parque, poda por si só, facerse cargo da rehabilitación e mantemento, a Deputación de A Coruña ofertou facerse cargo do 45 % dos gastos da recuperación do parque, mentres o concello aportase o 10 % e a Xunta, a mais potente economicamente das tres institucións, aportase o resto.

Dende o noso punto de vista esta é unha xenerosa e sensata oferta, que pon en primeiro lugar a colaboración institucional que debería ser a norma, e que permitiría recuperar un ben tan importante e senlleiro como o Parque do Pasatempo.

Como soe dicir a Consellería de Cultura, a primeira responsabilidade dun ben patrimonial a ten o seu propietario, pero non é menos certo que a responsabilidade global, segundo a Lei de patrimonio cultural de Galicia, é da Xunta e tamén é certo que a Consellería de Cultura adoita facerse cargo da rehabilitación de bens patrimoniais doutros propietarios, fundamentalmente da Igrexa Católica, como por exemplo esta a facer agora mesmo ca catedral de Mondoñedo.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6379
Data envío: 08/03/2017 18:46:10.060



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pensamos que a mesma axuda que se da aos bens propiedade da igrexa, debe darse aos bens propiedade do pobo, neste caso de Betanzos, sobre todo cando pode facerse a través dunha colaboración institucional e cando a inversión para a Xunta non é demasiado elevada.

Cremos que non podería entenderse que a Xunta de Galicia, a máxime responsable do patrimonio de Galicia, se negase a colaborar con outras institucións para salvar un patrimonio tan sobranceiro co o o Parque do Pasatempo.

Da mesma maneira cremos que a Xunta debería de poñer todos os medios posibles para que o Parque do Pasamento sexa declarado BIC o que lle daría o nivel de protección que merece.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a

1. Convocar, no menor tempo posible, unha mesa de traballo entre a Consellería de Cultura, a Deputación de A Coruña e o Concello de Betanzos para analizar as formas de colaboración técnicas e económicas e chegar aos compromisos necesarios para proceder a restauración, rehabilitación e posta en valor do Parque do Pasatempo de Betanzos.
2. Iniciar e concluír, no menor tempo, posible o expediente de declaración de Ben de Interese Cultural do Parque do Pasatempo de Betanzos.

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Luis Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6379
Data envío: 08/03/2017 18:46:10.060



 **Grupo Parlamentario**

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/03/2017 18:41:34

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/03/2017 18:41:43

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 08/03/2017 18:41:51

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/03/2017 18:41:59

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 04.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 7042(10/PNC-000718)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 8 máis

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia de material didáctico vinculado á cultura galega e, de xeito especial, ao Camiño de Santiago, co fin de que sexa útil na aprendizaxe do galego fóra da comunidade autónoma

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2017 11:52
Nº Rexistro: 7042
Data envío: 24/03/2017 11:52:54.897

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Antón Vilasánchez, César Fernández Gil, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez, Paula Prado del Río e Martín Fernández Prado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, ten entre as súas competencias a proxección exterior da nosa lingua. Para iso, entre outros instrumentos, conta cunha rede extensa de Centros de Estudos Galegos (CEG) 34 en máis de 14 países, grazas a diferentes convenios con Universidades de todo o mundo.

Ademais desta rede, a Consellería vén de asinar un convenio co Instituto Cervantes para a promoción e divulgación da lingua e cultura galegas.

Este fin xenérico pódese concretar en diferentes accións.

Propoñemos que unha desas accións sexa os cursos de lingua galega a desenvolver nos CEG propios, así como nos centros Cervantes onde haxa demanda.

A Secretaría Xeral ten moita experiencia na formación en lingua galega, adquirindo cada vez máis importancia para o seu ensino e promoción, os materiais específicos que permiten o ensino do galego no exterior, galego para estranxeiros, que ao mesmo tempo poden ser de utilidade en moitos outros ámbitos educativos.

Cremos importante ademais que a promoción da lingua – sobre todo en culturas distantes da nosa – se vincule ao coñecemento da nosa cultura e aos motivos que a fan máis atractiva para o potencial alumnado.

Esta proposición é para que a Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolva unidades didácticas para aprendizaxe do galego, nivel A1-A2 do Marco Europeo de Referencia Común co Camiño de Santiago como fío condutor.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2017 11:52
Nº Rexistro: 7042
Data envío: 24/03/2017 11:52:54.897

Sen dúbida, o Camiño de Santiago é o elemento máis recoñecible de Galicia, a súa mellor presentación e, por iso, entendemos que pode ser un polo de atracción para calquera país do mundo.

Por iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver material didáctico vinculado á cultura galega e, de xeito especial, ao Camiño de Santiago para que sexa útil na aprendizaxe do galego fóra da nosa Comunidade”.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/03/2017 11:48:25

Maria Antón Vilasánchez na data 24/03/2017 11:48:35

César Manuel Fernández Gil na data 24/03/2017 11:48:42

Teresa Egerique Mosquera na data 24/03/2017 11:48:45

Carlos Gómez Salgado na data 24/03/2017 11:48:54

Carlos Enrique López Crespo na data 24/03/2017 11:49:01

Antonio Mouriño Villar na data 24/03/2017 11:49:11

Moisés Rodríguez Pérez na data 24/03/2017 11:49:19

Paula Prado Del Río na data 24/03/2017 11:49:51

Martín Fernández Prado na data 24/03/2017 11:50:04

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 04.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 7152(10/PNC-000737)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o mantemento pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da escola unitaria A Revoltiña de Soandres, no concello da Laracha, poñendo en valor a súa posible viabilidade futura

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2017 11:49
Nº Rexistro: 7152
Data envío: 28/03/2017 11:49:41.150

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

A escola unitaria A Revoltiña de Soandres está na actualidade nunha situación de evidente ameaza de peche, con cinco matrículas a día de hoxe para o vindeiro curso escolar.

Existe unha posibilidade real de viabilidade futura vendo os datos demográficos da parroquia de Soandres, e tratándose dunha zona á que se están achegando a vivir novas persoas pola súa boa comunicación coa cidade da Coruña a raíz da posta en funcionamento da Terceira Rolda conectada coa AC-400.

Trátase dun servizo útil e necesario a facer na proximidade do medio onde os nenos e nenas viven. Axuda a fixar poboación, mellora a calidade de vida e aproxima a Administración, dándolle vida ó medio rural.

Se estamos na Lexislatura do Rural, o mantemento destes servizos é o que debería dar creto ás marabillosas intencións publicitadas polo goberno galego ultimamente.

Tamén demandamos unha maior implicación de parte da Administración educativa e de Medio Rural pra que as escolas unitarias poidan dispor de servizos complementarios que as fagan máis atractivas e así pais e nais opten por matricularen as



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2017 11:49
Nº Rexistro: 7152
Data envío: 28/03/2017 11:49:41.150

súas crianzas nelas. Por exemplo servizos de madrugadores, e que non se centralicen estes servizos unicamente nalgún CEIP senón que tamén as escolas unitarias se poidan beneficiar dos mesmos (incluso poderían levar as crianzas das parroquias limítrofes que non sexan alumn@s das unitarias aos servizos de madrugadores das mesmas e ser recollidas alí polo transporte escolar para levalas ao CEIP).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galiza insta á Consellería de Educación a mantela escola unitaria de Soandres poñendo en valor a viabilidade futura que pode ter esta escola nunha zona con posibilidades reais de crecemento demográfico.”

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2017 11:49
Nº Rexistro: 7152
Data envío: 28/03/2017 11:49:41.150

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/03/2017 11:48:41

Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2017 11:49:01

Noa Presas Bergantiños na data 28/03/2017 11:49:06

María Montserrat Prado Cores na data 28/03/2017 11:49:09

Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2017 11:49:11

Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2017 11:49:14